




A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA

Sandra González Álvarez



PØST
arquitectos


Concello de
Vilagarcía



de Arousa



FEDER
Fondo Europeo de
Desarrollo Regional



Autor: GONZÁLEZ ÁLVAREZ, Sandra.

Presentación: VARELA PAZ, Alberto.

Prólogo: GODINHO LIMA, Ana Gabriela e MINDLIN LOEB, Rodrigo.

Equipo de traballo: PØST arquitectos.

A Coruña, 2019.

A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA

ISSN: 2530-9226

Nº de páxinas: 112

21x21cm

Índice: pp. 4-5

ISBN: 978-84-09-01652-5

Depósito Legal: C 302-2019

IBIC: AMVD-1DSE-AFKN-YQA-YQNP

Edición: PØST arquitectos e Concello de Vilagarcía de Arousa.

Editor: Manuel Villaronga García.

Deseño: Sandra González Álvarez (PØST arquitectos).

Maquetación: PØST arquitectos.

Deseño de cuberta: Daniel Carvajal Alonso e Sandra González Álvarez.

Fotografías: Sandra González Álvarez, Maite Fraga Lamas e Santiago Rojo Martínez.

Ilustracións: Álvaro Marcos Rodríguez.

Debuxos de cuberta: Álvaro Marcos Rodríguez.

Distribución: CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, Praza Ravella, 1.36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). PØST arquitectos, Federico Tapia 49, L9, 15005 A Coruña (A Coruña)

© PØST arquitectos, 2019


Federico Tapia 49, L9

15005 A Coruña

© Sandra González Álvarez

A EDICIÓN DESTA PUBLICACIÓN FOI PATROCINADA POLO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do Copyright.



Grazas Paola por confiar en nós, e sobre todo por provocarnos, “A Vila do Mañá” ten un antes e un despois de pasar por Vilagarcía.

ÍNDICE

OS NENOS E A VILAGARCÍA QUE QUEREN.

Alberto Varela Paz 7

A AÇÃO CRIATIVA DAS CRIANÇAS NA CIDADE.

Ana Gabriela Godinho Lima e Rodrigo Mindlin Loeb 11


1 DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ” 19

2 COÑECENDO VILAGARCÍA DE AROUSA 23

3 OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ” 47

4 A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA 57

5 A RÚA É MIÑA!!! 101



OS NENOS E A VILAGARCÍA QUE QUEREN

Os que temos a honra, pero tamén a responsabilidade, de dirixir unha cidade asumimos, igualmente, unha primeira obriga: deixar as cousas ao menos un pouco mellor que como as recibimos. É dicir, que as novas xeracións poidan atoparse unha cidade máis humana, máis amable, máis atractiva, como os nosos pais e avós tentaron facelo por nós. Por iso, cando Sandra González e o seu equipo de PØST arquitectos nos presentaron este proxecto, “A Vila do Mañá”, non tivemos a máis mínima dúbida: non hai nada mellor que reflexionar sobre a Vilagarcía da futuro que escoitar a quen van a ser os seus protagonistas nese futuro.

Dito doutro xeito: escoitar a aqueles que, como nós, terán dentro de máis ou menos anos a responsabilidade de deixarlle aos seus descendentes unha cidade máis humana, máis amable, máis atractiva, como agora o intentamos nós. E así ata o infinito e, como adoita dicirse, máis alá.

Calquera que coñeza a evolución urbanística, pero tamén social, da nosa vila, adiviñará que esa progresión en pouco defire da de calquera outra.

As vellas fotografías fálanos de rúas e prazas nas que os cidadáns eran os protagonistas. Outras imaxes, non moi afastadas das anteriores, ilustrannos da fascinación pola chegada dos primeiros coches, símbolo do progreso. Máis tarde, e isto xa o recordamos vividamente os da nosa xeración, froito da popularización dese progreso as beirarrúas non só foron achicándose, senón que se elevaron para delimitar, claramente, as zonas dedicadas aos vehículos de motor e as destinadas aos peóns.

E así ata hoxe, cando aquí, como en calquera outra cidade, o 75% do espazo público está dedicado á circulación e estacionamento de vehículos. E os peóns, case naturalmente, foron apartándose e recluíndose en locais pechados ou parques perfectamente delimitados. Pero non é o natural.

Afortunadamente, hai xa trinta anos que quen nos procederon na honra, pero tamén a responsabilidade, de dirixir esta cidade, déronse conta de que polo camiño que íamos non era un bo camiño. E así comezaron as primeiras, e tímidas, peonalizacións. Coa mirada actual, hoxe pode soar a chiste o feito de que nunha rúa como a de Romero Ortiz, unha das primeiras en participar naquel estraño experimento ao que chamaban “peonalización”, os valados que a sinalizaban eran misteriosamente retirados un día si e outro tamén para que volvan pasar os coches.


Pero entón non era un chiste; era un temor aos efectos daquel experimento, unha mal entendida defensa do “progreso”.

Na cidade temos outros exemplos: hai apenas dez anos que os camións deixaron de pasar por debaixo do arco de Vistalegre, Rey Daviña acaba de cumprir 8 anos completamente peonil. E, sen embargo, se preguntamos na rúa, parece que fose así “de toda a vida”. Malia as lexítimas dúbidas, especialmente dos comerciantes e dos habitantes/propietarios desas rúas, o proceso resultou positivo. Hoxe dá gusto ver aos nenos vagar libremente polas rúas, as terrazas dos bares ocupadas, os comercios cheos de vida.

Con todo, queda moito por facer. Non consiste en recuperar sen máis aquelas idílicas imaxes das rúas e prazas libres de vehículos. Consiste en entender que o mundo mudou, que as necesidades de mobilidade non son as de hai cen anos. De aí as novas ordenacións do tráfico e as peonalizacións, pero igualmente, e paralelamente, as medidas de fomento de medios de transporte públicos e sustentables. O proceso pode ser lento, pero non por iso imparabile.

Trátase, en definitiva, de que entre todos construíamos a vila do mañá.
E este libro non é senón unha demostración de cal é o camiño a seguir.
Os nenos e nenas, os vilagarcíans do futuro, teñen moito que dicir, e o
din, sobre a Vilagarcía que queremos. Escoitémoslos.

Alberto Varela Paz
Alcalde de Vilagarcía de Arousa



A AÇÃO CRIATIVA DAS CRIANÇAS NA CIDADE

Qualquer que seja a atividade humana, de algum modo participará nela o espaço físico. Por sua vez, a configuração do espaço físico urbano influi diretamente no desenvolvimento humano, coletivo e individual, cognitivo, da saúde, segurança, criatividade, interação e relacionamento, criando, ou deixando de criar, oportunidades de experiências comunitárias e construção de cidadania.

Hoje, mais da metade da população mundial vive no espaço urbano. Em 2050, serão 70%. As cidades são lugares potencialmente maravilhosos para crianças crescerem e se desenvolverem, ricas em oportunidades de aprendizado. Mas por que, ao longo do tempo, estas possibilidades foram se reduzindo tanto, e em alguns contextos, dificultando a presença das crianças no espaço público urbano?

Os mecanismos do medo explicam parte deste fenômeno. Medo de que as crianças se machuquem, que se percam, que sejam levadas por estranhos, que sejam atropeladas, que contraiam doenças, que se sujem... A interação de adultos com crianças de fora dos círculos de relações passou a ser evitada e considerada inoportuna, em um processo gerador de isolamento e solidão, que caracteriza muitas vezes os contextos em que se dão os cuidados e afetos com os pequenos.

As ruas, parques e praças, esvaziadas de crianças, materializaram estes medos em ameaças reais, pois aonde não há crianças, não há necessidade de criação e manutenção de espaços adequados aos pequenos. Soma-se a isto a transformação radical sofrida pelas cidades que viram suas ruas se transformarem em espaços dedicados principalmente aos

carros. Estas mudanças na realidade dos ambientes urbanos contemporâneos representam desafios para famílias com crianças pequenas. Como se relacionarão estas pequenas e pequenos, agora e em sua vida adulta, com esta condição do espaço coletivo esvaziado de identidade e significado afetivo? Quantas oportunidades de desenvolvimento e interação estão sendo perdidas?

Vale lembrar os playgrounds desenvolvidos por Aldo van Eyck na Holanda a partir de 1947. Estes projetos pioneiros carregavam um sentido de planejamento do espaço coletivo, da base para o topo, incluindo o lúdico, a imaginação como transformadora de espaços abandonados em ambientes que propiciassem, às crianças, áreas de cidadania e apropriação da cidade. Um sentido simbólico potente residia nestas ações de reconstrução executadas pelas e para as crianças, em um continente arrasado pela guerra e pelo medo.

Para van Eyck o funcionalismo conduziu a uma fria tecnocracia em que os aspectos humanos foram ignorados. É clássica sua afirmação de que “um edifício é muito mais que a soma de suas funções”. A interação social é aquilo que deveria ocupar o centro das preocupações no fazer da arquitetura, facilitando e qualificando a atividade humana. “O funcionalismo matou a criatividade”, declarou o arquiteto em um artigo publicado na revista holandesa Forum. (OUDENAMPSEN, 2011)

Cerca de quatro décadas depois, do outro lado do Oceano Atlântico, esta foi a maior preocupação da arquiteta brasileira Mayumi Watanabe de Souza Lima, quando produziu seu trabalho sobre as relações das cidades com as crianças. A trajetória de estudos e projetos da arquiteta paulista, cujo reconhecimento vem se ampliando mesmo após seu desaparecimento, é marcada pela preocupação constante de dar voz e expressão ao que precisavam e queriam as crianças, em termos de vivência e ambientes para viver, brincar, estudar...Embora sua atenção tenha se voltado com muita ênfase para os espaços escolares, Mayumi via a escola articulada ao espaço da cidade. O processo formativo da criança estaria profundamente ligado a este binômio, ao qual se somava, sem dúvida, a casa.

Em sua obra “A cidade e a criança” (1989), fez uma crítica enfática ao que denominava como nada menos que: “instrumentos de dominação”. Estes consistiam nos modos como as estruturas sociais “se apoderam” dos espaços das crianças, com o fito de formarem “adultos domesticados, obedientes e disciplinados - se possível limpos - destituídos de vontade própria e temerosos de indagações.”

Encontrava razões para isso na necessidade dos adultos de controlarem o comportamento das crianças, enumerarem as alternativas entre as quais podiam escolher algo, traçarem os caminhos que suas imaginações deveriam percorrer. O desejo de poder sobre as crianças ultrapassaria a mera preocupação com sua segurança e bem-estar, buscando também manter os esquemas de pensamento e interpretação dos modos de viver, a salvo de questionamentos e desestabilizações que pudessem abalar o modo mesmo como os esquemas da vida adulta organizam-se e perpetuam-se. Neste contexto, a ação projetual de arquitetas, arquitetos, urbanistas e designers muitas vezes assumiu contornos de autoritarismo, ao chamar para si, preponderantemente, o saber fazer, o saber o que é melhor para o outro.

A espontaneidade, questionamento e energia das crianças representariam, nesse sentido, um risco a ser contido. Muros, paredes, caixilhos, grades, chaves, calendários e horários, rotinas e procedimentos tornam-se expedientes que facilitam e simplificam o controle e domesticação dos pequenos e jovens, aumentando sua dependência e submissão. Como ponderou Sommer:

“Quando as regras dos adultos obrigam a criança a ficar passivamente olhando seu meio-ambiente, proibindo-a de arranjar sua sala de aula ou playground, ela provavelmente não terá um papel ativo na solução dos problemas.” (In: Lima, 1989)

Isto não deixa de ser um enorme contrassenso, em especial quando lembramos as ponderações de Huizinga em *Homo Ludens: a study of the play-element in culture* (1949):

A palavra “escola” tem uma história curiosa. Significa originalmente “lazer” e agora adquiriu precisamente o sentido oposto, de trabalho sistemático e de formação, pois a civilização restringiu o livre uso do tempo dos jovens e cada vez mais arregimentou grupos maiores de jovens para uma vida cotidiana de dedicação severa desde a infância. (HUIZINGA, 1949)

Mayumi Watanabe de Souza Lima e sua equipe passaram dezoito anos viajando pelo Brasil, analisando os espaços em que vivem, circulam e brincam as crianças e jovens. Verificaram quantas oportunidades foram perdidas de transformar os espaços do dia-a-dia em laboratórios para o “desenvolvimento de um senso de liberdade, experimentação e comprovação, e também para uma apreciação estética mais apurada do meio ambiente”. Como a arquiteta observou em seu livro, parece evidente que, para os adultos, o lugar de aprender é a sala de aula, aonde se procuram tratar especificamente de assuntos previamente planejados: “Os professores parecem ignorar que o ato de brincar/jogar é algo muito sério para a criança.” (Lima, 1989)

Fica então a pergunta: como pensar o desenho de cidade que convide e estimule a expressão da potência da criança?

Em geral elas não dominam os saberes e habilidade técnicos e nem têm acesso a recursos materiais para a construção de estruturas físicas sólidas. Por esta razão, de algum modo estas estruturas devem ser feitas por adultas e adultos. Mas como estas seriam, se se tratasse de incorporar a manifestação das crianças? Sabe-se que elas exercitam, em seus jogos e brincadeiras, seu impulso e desejo de transformação do próprio mundo. Para que possam expressar-se, é necessário que possam interferir nos espaços que vivem, circulam e brincam. É por isso que amam desenhar nas paredes...

É preciso, pois, deixar o espaço suficientemente pensado para estimular a curiosidade e a imaginação da criança, mas incompleto o bastante para que ela se aproprie e transforme esse espaço através de sua própria ação. (LIMA, 1989, p.72).

BIBLIOGRAFÍA:

HUIZINGA, J. **Homo Ludens: a study of the play-element in culture.** Routledge & Kegan Paul Editors, London. 1949.

LIMA, Mayumi Souza. **A Cidade e a Criança.** São Paulo: Nobel, 1989.

OUDENAMPSEN, Merijn. **A cidade como playground.** PISEAGRAMA, Belo Horizonte, número 03, página 52 - 55, 2011.

Mayumi Watanabe de Souza Lima teria ficado encantada em conhecer o projeto de Sandra González Álvarez, que transforma o espaço das cidades em “tabuleiros de jogo”, e as estimula a brincar, ocupar espaços a que normalmente não têm acesso, como as rúas de acesso aos carros. Afinal, por um lado, é necessário reconhecer que a configuração urbana atual e as experiências que ela enseja indicam que esquecemos o fundamental no desenho da cidade, que esquecemos que as crianças são o fundamento de nós mesmos. Por outro lado, o projeto de Sandra mostra que, por meio de singelas intervenções, por meio do jogo e da brincadeira, da experiência de transformar espaços urbanos é possível recuperar os aspectos constituidores deste fundamento. Afinal, se o desenho da cidade não contempla a criança, contemplará a quais interesses?


Ana Gabriela Godinho Lima


Rodrigo Mindlin Loeb

Faculdade de Arquitetura e Urbanismo da Universidade Presbiteriana Mackenzie

Instituto Brasileira







1 DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”

(Vilagarcía de Arousa, 2019)

Nun tempo tivemos medo do monte. Era o monte do lobo, do ogro, da escuridade. Era o lugar onde nos podíamos perder. Cando os avós contábanos contos, o monte era o lugar preferido para ocultarse os inimigos, as trampas, as angustias. [...] Nun tempo, sentímonos seguros entre as casas, na cidade, co vecindario. Este era o sitio onde buscábamos aos compañeiros, onde os atopábamos para xogar xuntos. Alí estaba o noso sitio, o sitio onde nos escondíamos, onde organizábamos a pandilla, onde xogábamos as mamás, onde escondíamos o tesouro... [...] Pero en poucas décadas, todo cambiou. Houbo unha transformación tremenda, rápida, total, como nunca a viu a nosa sociedade (polo menos segundo consta na historia documentada). [...] O monte pasou a ser belo, luminoso, obxecto de soños e de desexos. A cidade, en cambio, converteuse en algo sucio, gris, monstruoso. [...] Nos últimos decenios, e dun xeito totalmente evidente nos últimos cincuenta anos, a cidade, nacida como lugar de encontro e de intercambio, descubriu o valor comercial do espazo e alterou todos os conceptos de equilibrio, benestar e comunidade para seguir soamente programas de beneficios, de intereses. Vendeuse, prostituíuse. [...] A cidade é agora como o monte dos nosos contos.⁰¹

⁰¹ Tonucci, Francesco. *La ciudad de los niños*. 1997. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Francesco Tonucci

Como podemos recuperar a identidade da cidade?...como a cidade podería ser de novo ese lugar de encontro e de intercambio?... como volver sentirnos seguros entre as casas, na cidade, na veciñanza?... como volver facer que a cidade sexa o noso sitio, o noso lugar?... que debemos facer para que a cidade deixe de ser algo sucio, gris, monstruoso?... estas son as cuestións que nos levan a crear o Proxecto de “A VILA DO MAÑÁ”.

“A Vila do Mañá” é un proxecto educativo e de divulgación, cuxo obxectivo é que dende a infancia e a través do xogo se tome conciencia de todas as escalas do común: a arquitectura, o patrimonio tanxible e intanxible, o urbanismo e a paisaxe. Á vez que dende a disciplina arquitectónica se tome conciencia dunha nova visión da cidade, que é a que nos achegan os que serán os habitantes do mañá.

O reto principal é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común (praza, barrio, cidade...) dotándoos das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade, dende a ARTE e a ARQUITECTURA. O fin é provocar neles o despertar dunha nova mirada sobre os espazos nos que desenvolven a súa vida.

Como síntese das nosas ideas podemos afirmar que: entendemos a cidade como taboleiro de xogo, como lugar de encontro e como laboratorio de aprendizaxe para os nenos e nenas que, a través das ferramentas propias da infancia como son o seu propio movemento e o xogo, teñen que descubrir, vivir, coñecer e valorar o seu hábitat para poder actuar nel; defendemos o dereito dos nenos e nenas ás cidades, como parte dunha cidadanía activa; a cal será a que herde e desenvolva a cidade futura; remarcamos a importancia do hábitat no que os nenos e nenas viven na súa relación identitaria con el; e por último consideramos a ARTE e a ARQUITECTURA como ferramentas educativas que nos permiten levar a cabo este proxecto. O proxecto “A Vila do Mañá” pode ser considerado como unha experiencia innovadora de Aprendizaxe e Servizo, desenvolvendo un novo aspecto da profesión de arquitectura, que a crise financeira puxo en cuestión.


“A Vila do Mañá” está a desenvolverse mediante diferentes talleres nos Concellos de Galicia. Ata o momento realizouse en Rianxo, Ames (Bertamiráns e Milladoiro), Verín, A Pobra do Caramiñal, Mondoñedo, Riveira, Carballo, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Arteixo e Ferrol. É realizado polo equipo de PØSTarquitectos, financiado polos diferentes Concellos, recibe o apoio da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), da Asociación para A Defensa do Patrimonio Galego (APATRIGAL) e conta coa achega de material da empresas DS Smith, GADIS y TEAIS.

Presentamos este libro como unha nova edición na que se analiza como caso práctico os resultados dos talleres “A Vila do Mañá, Vilagarcía de Arousa” realizado do 6 ao 10 de Agosto e “A Vila do Mañá, Praza da Independencia, Vilagarcía de Arousa” realizado do 19 ao 24 de Novembro de 2018.

“Debemos entender que a arte e a vida xa non son dominios separados. Por tanto, a idea de que a arte é unha ilusión divorciada da vida real debe abandonarse. A palabra “Arte” non significa nada para nós. Esiximos que sexa substituído pola construción da nosa contorna de acordo coas leis creativas derivadas de principios ben definidos ” ⁰²

⁰² Theo van Doesburg, e Cornelis van Eesteren, (1923). “Towards collective construction”. De Stijl 12, 89–91.

Theo van Doesburg e Cornelis van Eesteren



2 COÑECENDO VILAGARCÍA DE AROUSA

“A Vila do Mañá” parte de tomar a cidade de Vilagarcía de Arousa como un taboleiro de xogo, transformando o lugar que habito en algo novo, en algo a descubrir se se mira e percorre con outros ollos.

Nesta edición da “Vila do Mañá” incorporamos a creación dun taboleiro de xogo cos elementos característicos de Vilagarcía de Arousa. É un “xogo da oca” orixinal e inédito, conformado por aqueles elementos arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, artísticos e culturais que configuran a identidade de Vilagarcía.





Fig. 01 Cartel “A Vila do Mañá, Vilagarcía de Arousa”. Elaboración propia.






Dalle cor a túa cidade...



2








4



5











7



8



9

10









12

13




14





16




17









18



19





Dalle cor a túa cidade...



LENDAS

1. Concello de Vilagarcía de Arousa: O proxecto foi realizado polo arquitecto Domingo S. Sesmeros. A construción acordouse trala repentina morte do alcalde Francisco Ravella en 1985. En 1896 impúxose á Praza Maior o nome de Ravella.
2. Paseo do río do Con: Paseo fluvial composto dun parque lineal e un sendeiro o longo do río, un encoro, un merendeiro, un parque infantil e un vello muíño rehabilitado.
3. Igrexa de Santiago do Carril: Foi construída no século XVI polo arquitecto portugués Mateo López. A pesar da súa orixe gótica, ten trazas renacentistas e elementos barrocos propios do século XVII. É coñecida pola porta oxival do seu muro sur e polo cruceiro do século XVII que pode visitarse no seu exterior.
4. Praza de Ravella: É resultado do primeiro “ensanche” de Vilagarcía realizado no último cuarto do século XX. Situada fronte o concello, aínda que foi recentemente reformada respetáronse os bancos existentes e o seu característico paseo entre árbores centenarias.
5. Igrexa de San Martín de Sobrán (Vilaxoán): Construída no século XII é un claro exponente do románico Galego. Trátase dun pequeno templo rectangular e dunha soa nave na que destaca a súa portada principal. No seu interior atópase a sepultura de Xoán Mariño de Soutomayor, fundador da localidade de Vilaxoán.
6. San Pedro de Fontecarmoa: É un templo de pequenas dimensións e dunha soa nave dedicado a San Pedro. A igrexa actual, da que se descoñece a súa data de construción, foi edificada no mesmo lugar no que se atopaba a igrexa orixinal do século XII, da que conserva a súa ábsida de estilo románico e semicircular.

7. Pazo de Vistalegre: Situado no centro urbano, foi mandado construír no século XVI por Rodrigo de Mendoza. O Pazo está declarado Monumento Histórico-Artístico, e a pesar das reformas e ampliacións, conserva elementos da construción orixinal como os escudos, as torres e un par de chemineas. Destaca a súa sinxeleza, sendo unha auténtica mostra da arquitectura civil de Galicia.

8. Escudo Vilagarcía de Arousa: O actual escudo data de 1915 e xurdiu trala unión dos tres concellos: Vilagarcía, Carril e Vilaxoán. Na parte superior se representa a terra e o mar de Arousa coroadas por una chave dourada. No cuartel esquerdo, un atrirreme, que fai referencia o comercio marítimo. No cuartel dereito, faise referencia o alzamento contra a dominación francesa. No centro, os Caamaños, o piñeiro coas lanzas en referencia a un dos señores da Casa de Rubiáns. Unha coroa real remata o escudo.

9. Xardíns de Rubiáns: O axardinamento do Pazo de Rubiáns iniciouse a finais do século XVII abarcando a contorna máis próxima ao pazo e a zona coñecida como estanque das ras. É un xardín composto por máis de 4.500 exemplares de Camelias ademais doutras especies botánicas. Este xardín único en Europa é considerado Xardín de Excelencia Internacional da Camelia.

10. Rúa da Baldosa: Na súa orixe denominada “Praza da Verdura”, recibe o seu nome actual polas obras de reparación realizadas na década de 1990 e que estiveron paralizadas durante máis dun ano, provocando que o pobo a denominase rúa “A Baldosa”.

11. A Romería: Trátase dun panel de tres metros por tres e medio de alto que plasma a sociedade vilagarcía de entón, realizado por Sorolla no verán de 1915 en Vilagarcía de Arousa para decorar a biblioteca da Hispanic Society de Nova York. Forma parte dun traballo a medias entre o campo artístico e o etnográfico.

12. Iglesia de Santa Eulalia: O templo foi construído a mediados do século XVII, no mesmo lugar onde anteriormente houbo unha capela. Caracterízase polas súas liñas austeras. É de estilo barroco, e destaca nela a súa pequena portada. É obra do arquitecto Pedro de Monteagudo, aínda que foi rematada por Juan Bugallo.

13. A Peixería: A Praza da Peixería, deseñada polo arquitecto D.Faustino Domínguez, foi inaugurada en 1883, converténdose así no primeiro edificio público de Vilagarcía de Arousa. Orixinalmente dedicada a albergar a actividade mercantil da vila, actualmente emprégase para diversas actividades culturais.

14. Casa Modernista: A Casa de González Garra, foi construída a principios de 1900 no “Barrio dá Prosperidade”. Destaca a composición tripartita da súa fachada modernista, que a pesar de ser restaurada, conserva a súa aparencia e elementos orixinais, como os frontóns das xanelas ou a balaustrada de coroación.

15. Estación de tren: A estación orixinal inaugúrase en 1873, coa apertura do tramo Pontevedra - Carril (Vilagarcía de Arousa). En 1956 inaugúrase a nova estación, de maiores dimensións, que non só albergaba as dependencias necesarias senón que tamén dispoñía na parte superior de vivendas para o xefe de estación e outros funcionarios.


16. Praia de Compostela: Praia urbana de Vilagarcía de Arousa.


17. Praza de Abastos: Inaugurada no ano 1929, foi deseñada polo arquitecto vigués, D. Manuel Gómez Román. Construíuse no recheo da marisma denominada “A Hortiña”, cambiando a desembocadura do “Río do Con”. Dende ese momento contou a cidade cun mercado unificado e situado no mesmo lugar no que se celebra o tradicional mercadiño.

18. Vellas vivendas mariñeiras: Construcións tradicionais tamén denominadas casas de “remo” pois as súas fachada miden de ancho o mesmo que un remo (aproximadamente 3 m).

19. Paseo marítimo: Paseo peatonal que recorre toda a costa de Vilagarcía de Arousa.

20. Centro Galego de Vela: Inaugurado en 2008, o proxecto é do arquitecto Alfonso Penela Fernández. Destaca pola súa gran fachada de vidro transparente e pola configuración encartada da cuberta, que simula a ondada. O inmovible atópase na rúa Valle Inclán, nunha contorna urbana recentemente rehabilitada e mellorada.





3 OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ”

Nos tempos que vivimos onde todo está a un “click” de distancia, onde sobrevoar Tokio ou New York está ao alcance da man, onde podó visitar o Partenón dende a pantalla... esquecémonos do lugar que habitamos. As novas xeracións, os habitantes do mañá, descoñecen na súa totalidade a súa vila ou cidade, viven nunha “caixiña”, desprázanse noutra “caixiña” máis pequena e chegan a unha “caixa” maior (chámese colexio, centro comercial, ... ou polideportivo). Esta é a súa relación coa súa contorna. (Fig. 02)



Fig. 02 Como é a túa cidade?, que elementos destacarías?. Debuxos realizados no taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, agosto 2018.

A realidade de hoxe en día é que a conexión natural entre os nenos e o seu hábitat, o lugar onde crecen e se desenvólven, a cidade ou a vila na que viven, está diluída, e apenas existe (Fig. 03). Atopamos nenos nas súas casas, vendo a tele, cos seus videoxogos, xogando nas súas urbanizacións valadas e vixiadas, trasladándose en coche e descubrindo a cidade dende a súa xaneliña, onde o parque ou a praza foron substituídos polo centro comercial. A cidade é un medio hostil para eles, perderon a súa liberdade, que se ve limitada a certos recintos considerados como seguros e que son controlados polos adultos. Estamos a transmitirles a mensaxe do medo que se respira actualmente na sociedade, e como consecuencia, o lugar onde habitan, a vila ou a cidade, non son seguras para eles.



Fig. 03 Como é a túa cidade?, que elementos destacarías?. "A Vila do Mañá", Vilagarcía de Arousa, agosto 2018

⁰³ Aldo van Eyck, "Sobre el diseño del equipamiento lúdico y la disposición de los espacios de juego" (1962) en: *Playgrounds. Reinventar la plaza*, (Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía; Siruela, 2014), 121-122.

⁰⁴ Aldo van Eyck realizou máis de 700 parques de xogos para nenos, deseñados entre 1947 e 1978 en Ámsterdam e arredores, situados no centro e nos suburbios, ocupando prazas, esquinas de rúas, solares baleiros, xardíns públicos e patios. Ademais do seu emprazamento, deseñaba os elementos de xogo como fosas de area, estruturas para escalar e obxectos de formigón e madeira.

⁰⁵ Fragmento traducido de "Kind en stad" (niño y ciudad), un artículo de Aldo van Eyck publicado en el número 11 (págs. 152 – 153) de la revista *Goed Wonen*, en octubre de 1950.

A oportunidade de que o neno descubra o seu propio movemento forma parte da cidade en si; a cidade tamén é un espazo de xogo. O neno utiliza todos os elementos da cidade, todos os obxectos construídos, todas as superficies polas que pode gatear ou trepar. Os nenos saben xogar moi ben con estas cousas, aínda que non teñan permiso para iso. ⁰³

Aldo van Eyck

Fronte a esta imaxe do espazo público de hoxe en día, "A Vila do Mañá" parte de entender a cidade como unha ferramenta educadora, non neutra, á que nos aproximamos dende o xogo.

Recuperamos algunhas das ideas propostas polo arquitecto holandés Aldo van Eyck ⁰⁴ (1918-1999), nas que se outorgaba ao neno a oportunidade de descubrir a cidade dende o seu propio movemento, que ten que ser desenvolvido a través dos seus xogos debido a que é a súa maneira natural de coñecer o mundo. Somos conscientes de que, actualmente, isto xera un conflito nas rúas e prazas, o cal desexamos provocar, evidenciar e poñer de manifesto dende os talleres, aínda que sexa de maneira temporal. Que sucede cando os espazos públicos de Vilagarcía de Arousa son ocupados por nenos xogando? Que senten os nenos? Como reaccionan os adultos? Como se pode mellorar a cidade? Dende ese conflito, queremos transformar a imaxe da cidade que teñen os nenos e adolescentes e, ao mesmo tempo, facelos visibles neses espazos a ollos dos adultos (Fig. 04).

[...] O significado visual do neno na arquitectura, e en maior medida no conxunto da imaxe urbana, é de feito algo do que a xente é aínda moi pouco consciente. É posible que a xente o considere un cambio de énfase singular: con todo, creo que en principio será dificilmente posible resolver o serio conflito neno/cidade sen darse conta de que este cambio é esencial, se a cidade ten que adquirir un significado positivo para o neno. ⁰⁵

Aldo van Eyck



Fig. 04 Invasión de cor
na rúa Conde Vellellano,
taller "A Vila do Mañá",
Vilagarcía de Arousa,
agosto 2018.

O xogo é unha actividade fundamental para o desenvolvemento dos nenos. É un poderoso instrumento de aprendizaxe para actitudes, comportamentos e valores dunha sociedade. Durante a infancia aprendemos xogando e, por iso, os talleres desenvolvéronse a través do xogo como ferramenta fundamental nestas idades. Buscamos unha aprendizaxe actuando na realidade, no local, abordando situacións espaciais que poden ser coñecidas de antemán e que se redescubren dende unha nova perspectiva. Tamén buscamos a acción a través do movemento do neno, o descubrir o espazo dende a máxima liberdade do xogo.

⁰⁶ Lefebvre, H., *El derecho a la ciudad*. [1967] (Barcelona: Península, 1975).

⁰⁷ Artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do neno. UNICEF. 2006.

⁰⁸ “Existe unha importante distinción respecto diso entre espazos e bens públicos, por unha banda, e os comúns por outro. Os espazos e bens públicos urbanos foron sempre obxecto do poder estatal e a administración pública, e tales espazos e bens non constitúen necesariamente un ben común... Aínda que eses espazos e bens públicos contribúen poderosamente ás calidades do ben común a súa apropiación require unha acción política por parte dos cidadáns e o pobo”. David Harvey, *Ciudades rebeldes. Del derecho a la ciudad a la revolución urbana* (Madrid: Akal, 2013), 115.

Outra idea que fundamenta o noso proxecto de “A Vila do Mañá” xorde do dereito á cidade, tal como defendía Henri Lefebvre ⁰⁶ (1901-1991), polo que as persoas que habitan nela teñen dereito ao seu goce, á súa transformación e a que reflicta a súa maneira de entender a vida en comunidade. Dende este punto de vista, como non incluír o dereito de nenos e nenas á cidade? Por iso, consideramos o espazo público como un espazo común de aprendizaxe e construción colectiva no que a infancia tamén debe ter cabida.

Queremos dar voz aos que normalmente non a teñen, os nenos e os adolescentes, impulsando o seu dereito ⁰⁷ para formarse un xuízo propio do hábitat no que viven e a poder expresalo e poñelo de manifesto. Buscamos estimular unha actitude crítica para impulsar o seu desenvolvemento como unha cidadanía activa, pois eles serán os responsables da cidade do futuro. Conformar, por tanto, as bases dunha cidadanía crítica.

Queremos traballar nos espazos públicos para transformatos en espazos comúns. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey (1935), é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante unha acción política para convertelos en espazos comúns ⁰⁸. As prazas e rúas, a paisaxe cos seus elementos, o mobiliario, os baleiros, ... son bens comúns que buscamos que os nenos recoñezan como seus dende diferentes puntos de vista: dende a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

O noso obxectivo principal é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común, dotándolles das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade dende a Arte e a Arquitectura, co fin de provocar neles o despertar dunha nova mirada e xerar vínculos de identidade cos espazos nos que habitan.

Preténdese que adquiran un maior coñecemento da cidade na que viven; unha apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas prazas; empoderamento espacial xunto con outros nenos favorecendo a súa convivencia; valoración do lugar no que habitan a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna; coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial; e, sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora (Fig. 05).



Fig. 05 Invasión de cor na rúa Conde Valledano, taller "A Vila do Mañá", Vilagarcía de Arousa, agosto 2018.

Dous elementos constitúen o lugar do neno: a man e o horizonte. A man como construción de sentido, de recoñecemento, do tacto. Como as primeiras marcas dos homes prehistóricos nas paredes das covas, definindo e recoñecendo un lugar e ao mesmo tempo establecendo un eu fronte a el. A importancia da man como representación do eu do neno e do seu corpo, do seu sentido físico, do seu sentido de lugar. Fronte á man, o distante e afastado, o horizonte, que supón o límite perceptivo do neno, ata onde alcanza a vista, o que marca o comezo do non coñecido.

Dende a man, o máis próximo, ata o horizonte, o afastado, existe un percorrido espacial, unha definición de hábitat, do lugar onde se habita, do próximo ata a paisaxe afastada. O neno toma conciencia do lugar onde vive, das súas dimensións e da súa escala, de como se interrelaciona o próximo e o afastado (Fig. 06).




Fig. 06 Cadro síntese sobre a importancia do lugar, da man ao horizonte. Elaboración propia.


Co taller “A Vila do Mañá”, a cidade na que viven non é unha idea abstracta, nin é unha serie de pequenas imaxes parciais; comeza a entenderse como unha contorna moito máis complexa e ampla, que nos aproxima á noción de hábitat: o espazo que transcende a súa localización física nun territorio no que resolvemos as nosas necesidades, establecendo relacións con outras persoas e co medio, tanto natural como construído; implicando procesos nos que se transforma, pero nos que tamén somos transformados. O hábitat implica tamén a memoria e o simbólico da comunidade. En síntese, o hábitat como sistema de relacións e procesos que se xeran entre tres elementos: a natureza, a sociedade e o habitante.

O hábitat dos nenos é onde desenvolven as súas vidas, o que viven e o que coñecen e, por tanto, é un forte elemento xerador de aprendizaxe. A cidade, a arquitectura que a conforma e a paisaxe son ambientes de aprendizaxe para o neno, construíndo coñecemento a diferentes escalas.

Introdúcense dúas condicións fundamentais nos talleres: o corpo do neno e o seu movemento como referencia fundamental para o descubrimento do lugar e do contexto; e a experiencia, tanto perceptiva, a sentida no momento, como a que provén do recordo ou da memoria do día a día. Dende eses dous aspectos trabállase no hábitat real, percorrendo a cidade e descubrindo e intervindo nas súas rúas e prazas. O espazo urbano convértese nun enorme taboleiro de xogo en tres dimensións que require nenos inquedaos e activos que o exploren, recoñezan e sexan capaces de modificalo (Fig. 07).

O lugar transfórmase en algo dinámico que xa non só é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de espazos, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil coutada dos parques.

Fig. 07 Invasión de cor na praza da Independencia, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa. Fotografía de: Iñaki Abella para ©FARO DE VIGO 20/11/2018.



Queremos que os nenos aprendan a mirar o lugar onde habitan (Fig. 08), tendo con eles dúas poderosas ferramentas: a ARTE e a ARQUITECTURA. Son dous elementos que nos serven para aprender o mundo e, o máis importante, tamén para transformalo. Para iso, combínanse ferramentas de diferentes disciplinas, pois búscase que os nenos manexen coñecementos de arquitectura, de arte, de paisaxe, de urbanismo e de sustentabilidade. É importante que nos talleres se xere un espazo de liberdade, para que os nenos e adolescentes poidan expresar e representar as súas ideas dun modo plástico, tanto gráfico como tridimensional, aumentando a súa creatividade e a súa capacidade de comunicación. Trátase de que aprendan a manexar ferramentas coas que poidan plasmar as súas ideas e desexos.




Fig. 08 Traballando co PLANO na Praza da Independencia, taller "A Vila do Mañá", Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.

4 A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA

As actividades realizadas nos talleres estrutúranse a través de seis conceptos fundamentais: a **PERCEPCIÓN**, o **ESPAZO**, a **PAISAXE**, a **ESCALA**, a **SUSTENTABILIDADE** e a **CIDADE**, e catro ferramentas necesarias: o **PUNTO**, a **LIÑA**, o **PLANO** e o **ELEMENTO TRIDIMENSIONAL**.

A PERCEPCIÓN: A percepción do propio corpo, así como a percepción da contorna que nos rodea, son conceptos fundamentais nos talleres.

Para entender como perciben Vilagarcía de Arousa os que son e serán os seus habitantes do futuro, utilizamos dúas estratexias. A primeira realizada no taller de agosto na cal, saímos á “deriva”⁰⁹ cun gran marco dourado, para que no noso deambular vaian enmarcando aqueles elementos urbanos que son importantes para eles. A experiencia inspírase na obra de O’Grady¹⁰, artista e activista polos dereitos da sociedade afroamericana, que coa súa performance pretende incluír na súa obra espectadores de raza negra, raza que normalmente quedaba fora da arte. Para a performance, O’Grady decide desfilar no día da cultura afroamericana, deseñando unha carroza cun gran marco dourado sobre ela, a esta acompañanlle 13 actores e actrices de raza latina e negra, vestidos de branco e cun pequeno marco dourado. O obxectivo era que os artistas se enmarcasen a eles mesmos ou aos espectadores, e facer ver aos cidadáns afroamericanos a súa validez para pertencer á arte. Ao fotografar marcos O’Grady fainos cuestionarnos sobre que é o que queda fóra ou dentro da súa obra. Tradicionalmente isto era delimitado polo cadro, marcando unha liña bastante clara. Ela, rompe esa

⁰⁹ “Teoría da deriva” proposta por Guy Debord (1959) na revista Internacional situacionista, vol.I: La realización del arte, na que se facía un chamamento ao vagar trazando percorridos psicolóxicos segundo as diferentes experiencias urbanas, na que importaba máis o viaxar que o chegar.

¹⁰ Lorraine O’Grady (1934) é unha artista e crítica con sede en Nova York, que traballa en arte conceptual e arte de performance que integra a instalación de fotos e vídeos.

liña, e o que pasa fóra coexiste co interior, utilizándoo como crítica á marxinación dunha sociedade “non enmarcada”. O desfile perde a súa focalización central, o espectáculo está nos laterais, a nena apuntando ao marco “Art ls. . . (girl pointing)” , o policía que guiña un ollo “Art ls...(cop eyeing young man)”, ou o grupo de amigos que miran a dúas mozas pousando, “Art ls...(woman with man and cop watching)”, son os novos protagonistas.

Cales foron os protagonistas da nosa experiencia en Vilagarcía?









A segunda estratexia, aplicámola no taller de “A Vila do Mañá” realizado en novembro en colaboración co colexio San Francisco. Plan-
texamos agora que a través dun teatro de sombras nos conten as súas vivencias en Vilagarcía de Arousa. (Fig. 09)



Fig. 09 Actores do teatro de sombras, realizado por os alumnos do Colexio San Francisco “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.

Os nenos convértense en guionistas (Fig. 10) e creadores das figuriñas do teatro. Como é a súa vida en Vilagarcía?, como viven a súa cidade?, cales son os elementos de maior importancia para eles?

“O primeiro sitio ao que adoitamos ir é á Praza de Galicia. É un lugar acolledor, pero hai moita xente. Hai unha fonte moi bonita enfronte de Zara na que cae moita xente, eu poñería unha parede de cristal detrás dos bancos[...] Logo para comer imos no coche ao Mercadona”.

“Saio de casa, e atópome aos meus dous amigos, como nos gusta ir ao parque de Miguel Hernández, imos, cando chegamos non había nenos, gústanos porque hai moitos tobogáns, randeiras, teas de arañas... pero tamén porque hai dous parques e está preto da praia Compostela[...] Despois imos á praza Galicia, hai moitas tendas e hai unha castañeira, habitualmente hai moitas persoas, pero hoxe non hai xente porque hai nubes negras e parece que vai chover”.

- Nitro
- Paraguas

Salgo de casa y me encuentro a mis dos amigos; como
me gusta ir a el parque de Miguel Herrán de verano,
cuando llegamos ellos hablan conmigo, me gusta
porque hay muchos toboganes, columpios, telecanon...
pero también porque hay dos parques y está cerca de
la plaza campestre.
Allí 5000 personas van a ir a campestre, la arena
es fina y las olas no están muy vivas y hay un
velero blanco vamos a la plaza velista, hay muchas
tiendas y hay un cantante, habitualmente hay muchos
que van a ver, no hay mucho (rubas negras) parece
que va a llover. pero en invierno en Haguacá

Ejemplo de fútbol: Esta bien para jugar, pero necesito mas grados
Erosky: Que es enorme, pero el parking no es muy grande
Parque M.H.: No es muy grande pero esta bien
Cine: Es grande y bien
Tenis: Esta bien pero necesito grados y un techo

-Este es nuestro ejn de semana en Vilagarcía.
-El primer sitio al que solemos ir es a la Plaza Galicia.
Es un lugar acogedor pero hay mucha gente.
Hay una fuentes muy bonita enfrente de Zara.
en la que se cae mucha gente, yo pondría una pared de cristal detrás de los banicos.
Vamos al rio del con a darle de comer a los pabos.
Luego de comer vamos en el coche al Mercadona.
Al llegar a Casa estudio y hago mis tareas.
Sobre las cinco y media voy a merendar a la Plaza Galicia otra vez.
Después de merendar sii no lueve vamos al parque Cavadele a hacer skate o jugar al baloncesto o fútbol con familiares o amigos.
El Cavadele es un parque muy bonito donde lo paso muy bien porque nos encanta practicar deportes.

A vila do mañá, vilagarcía de arousa 62 · 63

“A praza da Independencia parécenos un espazo acolledor para ir a merendar. Despois voume a fútbol pasando polo parque de Cavadelo. Ao saír de fútbol márchome a música pasando polo río do Con, está un pouco sucio pero é agradable[...] Logo voume a casa pasando polo pavillón Fexdega, un bo sitio para facer deporte. Este é o noso día en Vilagarcía de Arousa”.

“Saímos de casa en coche e aparcamos en Fexdega, que é un espazo moi grande[...] parámonos no río Do Con e vemos aos patos, encántannos tanto os patos que quedamos mirándoos demasiado tempo[...] Pasamos diante do Día que é un bo supermercado, logo pola igrexa e finalmente chegamos ao colexio[...] Ao saír dirixímonos á praza de Galicia que foi reformada hai pouco é un lugar tranquilo onde hai moita xente”.

“[...] Logo dou un paseo por Vilagarcía, vexo o Eroski, que é enorme, pero o parking non é moi grande, o parque Miguel Hernández[...] Ao saír do cinema empezou a chover e menos mal que levaba un paraugas porque se non mollabame moito e foi unha viaxe longa ata casa”.

“Pola semana imos ao cole, o cole é pequeno, está preto dun pequeno parque cunha fonte[...] Normalmente pasamos tempo na praza de Galicia debido a que hai moitos establecementos como ópticas, cafeterías, pizzerías, tendas... Tamén ten un castañeiro e unha fonte da que sae un pequeno río. Parécenos que é moi chula e que é un bo sitio para pasar a tarde”. ¹¹

¹¹ Guións para o teatro de sombras, realizados por os alumnos do Colexio San Francisco “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.



Seguindo co traballo coa percepción, trataremos de provocar nos nenos e nenas unha nova visión da súa contorna cotiá, buscando que rompan co coñecido e que poidan ver os mesmos lugares con outros ollos.

¹² Viktor Shklovski (1893-1984) foi un crítico, escritor e panfletista soviético. Foi un dos primeiros teóricos do chamado formalismo ruso.

“O propósito da arte é o de impartir a sensación das cousas como son percibidas e non como son sabidas (ou concibidas). A técnica da arte de “estrañar” aos obxectos, de facer difíciles as formas, de incrementar a dificultade e magnitude da percepción atopa a súa razón en que o proceso de percepción non é estético como un fin en si mesmo e debe ser prolongado. A arte é unha maneira de experimentar a calidade ou esencia artística dun obxecto; o obxecto non é o importante.”

Viktor Shklovski

Basearemos esta experiencia no concepto da “defamiliarización ou extrañamento”, un concepto literario desenvolto por Viktor Shklovski ¹². Segundo a súa teoría, a cotidianidade fai que se “perda a frescura na nosa percepción dos obxectos”, facendo de todo algo automatizado.



Fig. 11 Traballando coa percepción taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa. Fotografía de: Martina Miser para ©La Voz de Galicia 28/11/2018.

A rutina adormécenos, volvéndonos cegos, xordos, e alleos ao que ocorre na nosa contorna. Xa non observamos o que nos rodea, xa non nos fixamos nos obxectos e lugares que coñecemos, por cotiáns. A arte presenta aos obxectos desde outra óptica. Arríncaos da súa percepción automatizada e cotiá dándolles vida en si mesmos, e no seu reflexo na arte. A través deste concepto empezamos a percibir as cousas doutra maneira, vémosnos obrigados a iso pola “desfamiliarización”, que nos presenta a realidade como nunca antes víramola... converteremos a Praza da Independencia nun océano (Fig.11 e 12)... e ata debuxaremos no aire...



Fig. 12 Traballando coa percepción taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa. Fotografía de: Iñaki Abella para ©FARO DE VIGO 28/11/2018.

Fotografía de: Iñaki Abella para ©FARO DE VIGO 28/11/2018.



Fotografía de: Iñaki Abella para ©FARO DE VIGO 28/11/2018.







O ESPAZO: Buscamos o traballo dende o espazo da arquitectura e da cidade a través da experimentación da luz, a textura, a cor, o son, ...
O instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados.

A PAISAXE: Interacción entre a paisaxe construída, a paisaxe máis natural e os territorios intermedios. Entender como as persoas construímos a paisaxe e como a paisaxe tamén nos constrúe.

A ESCALA: Introducimos o concepto de escala humana e o de escala de cidade. Partindo de tomar conciencia das súas propias dimensións corporais, o neno pode aproximarse a outras dimensións como a da cidade e a do territorio. É un percorrido perceptivo que situamos entre a man, que representa o próximo ao seu corpo, e o horizonte, o afastado que alcanza a vista.

A SUSTENTABILIDADE: Queremos reflexionar sobre a forma na que nos relacionamos co planeta. Facer aos nenos conscientes de que o sustentable consiste nun equilibrio entre aquilo que nos permite desenvolver a nosa vida e o que non compromete a supervivencia das futuras xeracións. Así, darnos conta de que só temos un planeta con recursos limitados, e que é imposible manter o noso ritmo de consumo actual.

Propónse a concienciación sobre a inclusión do verde na cidade mediante a creación e a plantación de bombas de sementes, desenvoltas polo naturalista nipón Fukuoka ¹³.

Para a realización da actividade, propónselles aos nenos a creación destas bombas, que se compoñen dunha parte de arxila, abono natural, e unha mestura de sementes complementarias, neste caso utilizouse a chamada mestura azteca (xudías, millo, cabaza, ...) (Fig. 13).

¹³ Masanobu Fukuoka, estudioso da agricultura natural, que dedicou a súa vida para desenvolver un sistema ecolóxico que se basea en 5 principios: Non arar; Non usar fertilizantes; Non eliminar malas herbas; Non podar; Sementar mediante bombas de sementes (Nendo Dango).

Fig. 13 Traballando coa NATUREZA, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, agosto 2018.



Temos a planta, pero fáltanos onde sementala, experimentamos esta vez cos baleiros verticais (as medianeras). Co tempo o colorido mural outorgado polos sobres de cores xeotextís, irase complementando paulatinamente polo verde das prantas nacidas das bombas (Fig. 14).

Eles crearon o seu xardín vertical e convértense en observadores e coleccionadores da súa obra.

Fig. 14 Traballando coa NATUREZA, experimentando novas solucións para as medianeras, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, agosto 2018.




A CIDADE: como o noso hábitat, o noso taboleiro de xogo por descubrir. Comprender a súa estrutura, conformación morfolóxica, os seus baleiros e os seus cheos, a súa historia, as súas tradicións e as súas cuestións simbólicas e inmateriais. Reflexionar sobre como nos move-mos duns sitios a outros, os percorridos, os puntos importantes onde se desenvolve a vida do neno e da comunidade.

E se a cidade (segundo sentenza de filósofos) é unha gran casa, e pola contra a casa mesma é unha pequena cidade...¹⁴

Leon Battista Alberti

Queremos que descubran como se conectan as súas casas á cidade, recuperando a idea de Leon Battista Alberti¹⁵ de entender a casa como unha gran cidade e a cidade como unha pequena casa, e que tamén Aldo van Eyck expón na súa diagrama da árbore e a folla (Fig. 15): “Unha árbore é unha folla, unha folla é unha árbore. Unha cidade é unha casa. Unha casa é unha cidade, e a cidade unha casa. Unha árbore é unha árbore, pero tamén unha folla enorme. Unha folla é unha folla, pero tamén unha árbore en miniatura. Unha cidade non é unha cidade a menos que sexa tamén unha casa inmensa. Unha casa é unha casa só se é tamén unha pequena cidade”.



¹⁴ Leon Battista Alberti *De re aedificatoria*. Tradución de Francisco Lozano. Oviedo: Edición facsímil, 1975.

¹⁵ Leon Battista Alberti *De re aedificatoria*. Tradución de Francisco Lozano. Oviedo: Edición facsímil, 1975. Leon Battista Alberti (Xénova, 18 de Febreiro de 1404 – Roma, 25 de Abril de 1472) Arquitecto renacentista e un dos humanistas máis prolíficos da súa época, destacan o deseño de Santa María Novella (Florencia) e por ser un gran teórico do renacemento.

Fig. 15 Aldo van Eyck, diagrama da árbore e a folla, 1962.

O instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados. Manexamos elementos capaces de xerar espazo, explórase a estrutura, o peso, o equilibrio, a estabilidade, a resistencia dos materiais, ... a parte de cuestións estéticas ou de función, buscando solucións que teñan en conta os principios da gravidade e a física.

Os nenos e nenas convértense por uns días en pensadores da cidade, aprópianse dos seus espazos, fanos seus. Idean e inventan os seus propios espazos de xogo, modifícanos, vívenos e gozan deles (Fig. 16).

Con qué elementos vamos a traballar para chegar o noso obxectivo?, que elementos propios da arquitectura usaremos de ferramentas para apropiarnos dos espazos?

Fig. 16 Invasión de cor na rúa Conde Vellellano, Traballando coa LIÑA, taller "A Vila do Mañá", Vilagarcía de Arousa. Fotografía de: Martina Miser para ©La Voz de Galicia 10/08/2018.



Na nosa percepción o punto é a ponte esencial, único, entre palabra e silencio.[...] O punto é ademais, no seu exterior, simplemente o elemento práctico, utilitario, que dende nenos coñecemos. O signo exterior vólvese costume e escurece o son interior do símbolo.[...] O son do silencio cotián é para o punto tan estridente, que se impón sobre todas os seus demais propiedades.¹⁶

Kandinsky

Traballamos co PUNTO como ferramenta elemental, baseándonos en Kandinsky¹⁷, o punto permitíranos a invasión dos espazos. Utilizamos como PUNTO, os globos, elemento co que estamos familiarizados dende cativos (Fig. 17). Nesta ocasión é A Peixería o espazo co que imos traballar, un espazo acotado, que se ve totalmente modificado coa invasión dos puntos, nos se trata só de unha invasión física, o ruído tamén a invadirá, cando poñamos punto e final a actividade estoupando todos os globos.



¹⁶ Kandinsky, Vasili Vasilevich. *Punto y línea sobre el plano*. Barcelona: Editorial Labor S.A., 21-22, 1993.

¹⁷ Vasili Vasilevich Kandinsky (Moscú, 4 de Decembro de 1866 – Neuilly-sur-Seine, 13 de Decembro de 1944) pintor ruso, precursor da arte abstracto en pintura e teórico da arte. Considérase que con el comeza a abstracción lírica e o expresionismo.

Fig. 17 Traballando co PUNTO en A Peixería, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, agosto 2018.





¹⁸ Kandinsky, Vasili Vasilievich. *Punto y línea sobre el plano*. Barcelona: Editorial Labor S.A., 57-58, 1993.

A liña xeométrica é un ente invisible. É a traza que deixa o punto ao moverse e é por tanto o seu produto. Xorde do movemento ao destruírse o repouso total do punto. Demos un salto do estático ao dinámico.[...] Tal é a recta, que na súa tensión constitúe a forma máis simple da infinita posibilidade de movemento. ¹⁸

Kandinsky

Outra das ferramentas elementais que utilizamos é a LIÑA, utilizan fíos de cores ou cintas de baliza para xerar os seus espazos.

Os espazos a proxectar son a rúa Conde Vellellano no taller realizado en agosto e a praza da Independencia no taller de novembro, eles tecen a rúa, enchendo de cor o asfalto. É o seu novo espazo de xogo, divírtense na “súa rúa”, xeraron unha identidade con ela (Fig. 18).



Fig. 18 Traballando coa LIÑA na Praza da Independencia, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.














Pero a liña esconde entre as súas outras propiedades, e en última instancia, o profundamente oculto desexo de procrear un plano, converténdose así nun ente máis denso, máis pechado en si mesmo.[...] Cando morre a liña, e en que momento xorde o plano?[...] Por plano básico enténdese a superficie material chamada a recibir o contido da obra. [...] O plano básico esquemático está limitado por 2 liñas horizontais e 2 verticais e adquire así, en relación ao ambiente que o rodea, unha entidade independente.¹⁹

¹⁹ Kandinsky, Vasili Vasilievich. *Punto y línea sobre el plano*. Barcelona: Editorial Labor S.A., 95, 128, 1993.


Kandinsky

A terceira ferramenta fundamental é o PLANO, traballamos co PLANO para modificar os nosos espazos, para facer que conteñan as nosas obras (Fig.19).

Aqui, vamos a expor o traballo realizado polos alumnos dos últimos cursos do colexio San Francisco, que traballaron na Praza da Independencia modificando o espazo coas súas ideas sobre a cidade futura.




Fig. 19 Traballando co PLANO na Praza da Independencia, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.











Para rematar de falar das ferramentas que usamos, e xa fóra das definidas por Kandinsky, traballamos co ELEMENTO TRIDIMENSIONAL, para elo basearemonos no “terceiro don” de Froebel.

O pedagogo alemán Friedrich Froebel (1782-1852) foi o creador dos Kindergarten para o ensino dos nenos e nenas menores de seis anos. A palabra kindergarten significa “xardín de nenos”, lugares para ser coidados, como pequenas plantas, para que se desenvolvan completamente.

Na Arquitectura temos de referencia a Froebel, a través de Frank Lloyd Wriqth que foi educado con este método. Trátase dun sistema baseado na creatividade e intuición do neno a través da experiencia directa, o xogo e a natureza. Crea un recurso pedagóxico baseado en “dones” e “ocupacións”. Os “dones” son materiais pedagóxicos que non cambian pero transfórmanse; as ocupacións son actividades na que os nenos xogan mediante a transformación dos obxectos que manipula. Os “dones” son precursores dos bloques de construción da actualidade (Lego, Tente, ...).

Moitos foron os investigadores que establecen as relacións entre a maneira de facer arquitectura de Wriqth co proceso de aprendizaxe a través dos “dones” de Froebel ²⁰.

Usamos as caixas de DS Smith a modo de terceiro “don” de Froebel, un “don” a unha escala moito maior, un “don” co que se propón apropiarnos dos espazos de Vilagarcía de Arousa.

Nesta ocasión é a contorna da Praza da Independencia, fixémosla nosa, por unhas horas a Praza é o noso espazo, un gran espazo de xogo e construción que dá cabida a todo aquilo que pase pola nosa imaxinación (Fig.20).

O espazo modifícase, convértese nun gran forte, en pequenas cabanas, nun valado... o espazo cambia e énchese de vida.

²⁰ Jeanne S. Rubin, “The Froebel-Wright Kindergarten Connection: A New Perspective”, *Journal of the Society of Architectural Historians*, 48, 1 (1989): 24-37, doi: 10.2307/990404. Jeanne S. Rubin, *Intimate Triangle: Architecture of Crystals, Frank Lloyd Wright and the Froebel Kindergarten* (Huntsville: Polycrystal Book Service, 2002). Wally Rogers, *Close-Up View of Froebel's Kindergarten with Frank Lloyd Wright at the Drawing Table* (Bloomington: Xlibris, 2016). Donald Leslie Johnson, *Frank Lloyd Wright: The Early Years. Progressivism: Aesthetics: Cities* (New York : Routledge, 2017).



Fig. 20 Traballando
con ELEMENTOS
TRIDIMENSIONALES na
Praza da Independencia,
taller "A Vila do Mañá",
Vilagarcía de Arousa,
novembro 2018.











Preténdese que os nenos actúen como vangarda da recuperación do territorio para a cidadanía. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey, é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante una acción política para convertelos en espazos comúns. Son bens comúns, que buscamos que os nenos recoñezan como seus dende diferentes puntos de vista: dende a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

Búscase a adquisición dun maior coñecemento da cidade na que viven; una apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas prazas e rúas; o empoderamento espacial xunto con outros nenos favorecendo a súa convivencia; valoración do lugar no que viven a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna, coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial; e sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora.

Cando saímos a rúa, e os nenos invaden o espacio público, o lugar transfórmase en algo dinámico que xa non só é apreendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de contornas, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil acoutada dos parques.

TALLER: A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA

Organización

Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA

Dirección

Sandra González Álvarez

Equipo

PØST Arquitectos:

Sandra González Álvarez

María Galbán Zaragoza

Iván Díaz García

Alejandro Sotelo Soto

Maite Fraga Lamas

Alejandro Iglesias Rey

Irene Díaz Calvo

Santiago Rojo Martínez

Alejandro Lastra Salazar

Zaida García Requejo

Colaboradores

Colexio San Francisco

Apatrigal (Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego)

INSTITUTO BRASILIANA

ETSAC (Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña)

UPM (Universidade Presbiteriana Mackenzie)


DS Smith


Participantes

318 alumnos e alumnas do Colexio San Francisco de idades entre os 3 e os 15 anos, Novembro 2018

110 nenas e nenos de idades entre os 3 e os 12 anos, Agosto 2018

© Sandra González Álvarez





5 A RÚA É MIÑA!!!

²¹ Tonucci, Francesco. *La ciudad de los niños*. 1997. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

[...] Nos últimos decenios, e dun xeito totalmente evidente nos últimos cincuenta anos, a cidade, nacida como lugar de encontro e de intercambio, descubriu o valor comercial do espazo e alterou todos os conceptos de equilibrio, benestar e comunidade para seguir soamente programas de beneficios, de intereses. Vendeuse, prostituíuse. [...]. ²¹

Francesco Tonucci

En Vilagarcía tivemos a oportunidade de realizar dous talleres, puídemos traballar cun total de 428 nenas e nenos de idades entre os 3 e os 15 anos. 428 visions de Vilagarcía!!!

Cando iniciamos os talleres, tratamos de analizar como é a súa visión do seu habitat. Tentamos ver Vilagarcía a través dos seus ollos. Como é a súa cidade?, Que elementos destacarían? (Fig.21,22 e 23).

A visión dos nenos acerca da súa cidade é difusa, desconectada. Fálannos dunha cidade comercializada, defínennos os espazos urbanos polas súas tendas:

²² Fragmentos dos guións para o teatro de sombras, realizados por os alumnos do Colexio San Francisco "A Vila do Mañá", Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.

"Hai unha fonte moi bonita enfronte de Zara[...] imos no coche ao Mercadona". "Imos á praza Galicia, hai moitas tendas[...]". "Saímos de casa en coche[...] Pasamos diante do Día". "vexo o Eroski, que é enorme,[...]". "pasamos tempo na praza de Galicia debido a que hai moitos establecementos como ópticas, cafeterías, pizzerías, tendas..." ²²



Fig. 21 McDonald's como elemento fundamental de Vilagarcía, taller "A Vila do Mañá", Vilagarcía de Arousa, agosto 2018.



Fig. 22 GAME como elemento fundamental de Vilagarcía, taller "A Vila do Mañá", Vilagarcía de Arousa, agosto 2018.

Fig. 23 Vilagarcía como VilaKing, caricatura realizada por un alumno do colexio San Francisco ante a pregunta de como é ou será Vilagarcía, taller “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.



Os espazos da cidade fóronse especializando, privatizando e mercantilizando, poñéndose ao servizo do coche. O coche converteuse no elemento fundamental das nosas cidades, desprazounos, deixou ás persoas nun segundo plano. Unha das consecuencias actuais é que os nenos foron desprazados da cidade. Raro é hoxe ver a nenos xogando na rúa ou nas prazas, como non sexa en recintos perfectamente delimitados para iso, dentro das diferentes normativas urbanas, técnicas e de seguridade. É esa a cidade que queremos?

A percepción dos nenos e nenas de Vilagarcía cambiou despois de realizar os talleres de “A Vila do Mañá”, o espazo urbano pasou a formar parte de eles, interiorizáronno, fixéronno seu. Xeraron un vínculo con Vilagarcía máis alá dos seus comercios.

“Durante as actividades, aprenderon a xogar coas liñas, os planos, as dimensións... e mañá (hoxe), como colofón final, deseñarán as súas propias medianeiras con vexetación. Candela ten 8 anos e di que “é moi chuli” **saír de casa para xogar nos sitios onde sempre están os coches**. “Enchemos unha estrada con fíos e xogamos a que eramos animais, onte explotamos globos cos que fixeramos estruturas en 3D e outro día fomos seleccionando as nosas partes preferidas da cidade””.²³

²³ Sara Meijide
10/08/2018. Los vilagarcianos más pequeños hacen de la ciudad su tablero de juego *La Voz de Galicia*.

Eu enfronto a cidade co meu corpo; as miñas pernas miden a lonxitude dos soportais e a anchura da praza; a miña mirada proxecta inconscientemente o meu corpo sobre a fachada da catedral, onde deambula polas molduras e os contornos, sentindo o tamaño dos entrantes e saíntes... Síntome na cidade e a cidade existe a través da miña experiencia encarnada. A cidade e o meu corpo complementáanse e defínense un ao outro. Habito na cidade e a cidade habita en min. ²⁴

²⁴ Pallasmaa, *The Eyes of the Skin: Architecture and the senses*. Chichester/England: Wiley-Academy, 2005.

Juhani Pallasmaa

Unha vez mais, teño que parafrasear ao arquitecto finés Pallasmaa, “habitar VILAGARCÍA e que VILAGARCÍA habite en min”, é unha idea que tentamos transmitir aos nenos e nenas nos talleres a través das diferentes actividades e accións. Dende o eu, dende o ser/estar no mundo, dende o corpo, recoñecer o hábitat que nos rodea con todos os nosos sentidos, comprendelo, facelo noso; co obxectivo final de saber que se pode modificar, para ben ou para mal. Entender que a rúa é miña, que a cidade é miña, para iso, o noso instrumento foi o xogo, o modo natural no que os nenos aprenden e exprésanse. VILAGARCÍA como o seu gran taboleiro de xogo que descubren dende a acción e dende os seus propios movementos.

A percepción da cidade e o hábitat para os futuros arquitectos e para os que xa o son, tamén se modificou, a aprendizaxe con nenos, fíxonos considerar aspectos da cidade que normalmente deixamos de lado nos manuais de planificación urbana. Xorden de novo as mesmas preguntas: Como podemos recuperar a identidade da cidade? ... Como podería a cidade ser ese lugar de reunión e intercambio de novo? ... Como podemos sentirnos seguros novamente entre as casas, na cidade? ... Como podemos facer da cidade o noso lugar? ... Que podemos facer para evitar que a cidade sexa algo sucio, gris, monstruoso? ... que é o que nos motiva a seguir evolucionando os talleres de “A Vila do Mañá”.


²⁵ Extracto de “Wheels or no wheels, man is essentially a pedestrian” (con rodas ou sen rodas, o home é esencialmente un peón). Incluído en “Team 10 Primer”, publicado en Architectural Design, nº12, decembro, número especial, pp. 559-600. En 1965 xunto co texto “The work of Team 10” publicado en Architectural Design, nº8, agosto, número especial, pp. 373-393, publicase en formato libro: Team 10 Primer, Londres 1965. Dos tres textos é editora Alison Smithson.

Quero rematar facendonos reflexionar a todos, facendo que pensemos cal é o noso papel nas nosas vilas e cidades, cal é a imaxe de cidade que dende a sociedade se lle está a transmitir os que serán os seu habitantes do mañá:

Unha cidade, se é realmente unha cidade, ten un ritmo moi complexo, baseado en moitos tipos de movemento: humano, mecánico e natural. O primeiro está paradoxalmente suprimido, o segundo tiránicamente salientado, o terceiro inadecuadamente expresado. Con rodas ou sen rodas, o home é esencialmente un peón. Se realmente quere selo, se chegará a selo de novo, ou se xa non o quere ser máis, é bastante arbitrario. O é! A beirarrúa (sidewalk) refírese ao que se refire (‘side’ + ‘walk’)! Satisfacer as necesidades do peón significa satisfacer as necesidades do neno. Unha cidade que pasa por alto a presenza do neno é un lugar pobre. Os movementos desta serán incompletos e opresivos. O neno non pode redescubrir a cidade a menos que a cidade redescubra ao neno ²⁵.

Aldo van Eyck

Son un PEÓN!!! Facendo referencia a esta frase de Aldo van Eyck, creo que é necesario reafirmar: Son un PEÓN!!! e que TODOS o somos!!! esta afirmación tan evidente esquécenesos case sempre cando somos usuarios das nosas cidades. No momento que crecemos estamos posuídos polo espírito “das rodas”, practicamente deixamos de pensar como persoas e pasamos a pensar como vehículos,... e esquécenesos que: a rúa é miña, pero a rúa é miña como PEÓN!!!



SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

(Carballiño), Arquitecta pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña. Máster en Rehabilitación Arquitectónica pola ETSAC. Actualmente é doutoranda no Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Urbanismo da Universidade da Coruña e na Universidade Presbiteriana Mackenzie en São Paulo, Bolsa Iberoamericana de Investigación 2017-2018.

Os seus proxectos: “A CIDADE DO MAÑÁ/ A VILA DO MAÑÁ”, FAB LAB na Coruña xunto con ARTEIXOworks formaron parte dos contidos expositivos do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura)

Premiada en concursos de ámbito nacional e internacional, Mención de honra á categoría METODOLOXÍAS no concurso “Proxectos educativos” Ludantia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade co proxecto A VILA DO MAÑÁ. Premio COAG XVII na categoría Proxecto Fin de Carreira co FAB LAB na Coruña. Mención de honra en International Shopping Praza Concept Design Competition Commerce changes cities Architecture and Culture Society of China, Wanda Commercial Planning & Research Institute, Urban BEnvironment Design (UED) Magazine Press. Honorableención en 24 H 5 th edition. Aspace inspace. IdeasForward. 1ºPremio no concurso de ideas DISTRITO ACTIVO, Arquitectos Sen Fronteiras Galicia e COAG. 1ºPremio PREMIO AGP de Arquitectura, Asociación Galega de Pizarristas. 1ºPremio INRS (Institut National de Recherche et Sécurité) Programa Internacional IACOBUS Rehabilitación do Patrimonio Europeo, entre outros.

Realizou relatorios e comunicacións en diferentes congresos e seminarios de ámbito nacional e internacional.

A VILA DO MAÑÁ / LA CIUDAD DEL MAÑANA / THE CITY OF TOMORROW

Na súa traxectoria A Vila do Mañá formou parte do contido expositivo do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura), obtivo Mención de honra na categoría METODOLOXÍAS no concurso “Proxectos educativos” Ludantia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade.

O traballo realizado nos talleres A Vila do Mañá, foi exposto e explicado nos seguintes congresos e seminarios:

II Xornadas de Innovación Docente. Universidade da Coruña, Coruña (España) outubro 2017, organizado por UDC (Universidade da Coruña) e CUFIE (Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa).

Seminário Internacional A DIMENSÃO SOCIAL DÁ FORMAÇÃO PROFISSIONAL, São Paulo (Brasil) outubro 2017, organizado por SASP (Sindicato dos Arquitetos no Estado de São Paulo), FIAM- FAAM Centro Universitário.

LUDANTIA I Bienal Internacional de educación en arquitectura para a infancia e a mocidade, Pontevedra (España) mayo 2018, organizado por Concello de Pontevedra, COAG, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

inquEDU. Falemos de Educación, Santiago de Compostela (España) mayo 2018, organizado por XUNTA DE GALICIA, Fundación Cidade da Cultura e Galicia sustentable.

I XORNADAS DE DIDÁCTICA DAS ARTES NA GALICIA DE HOXE: CREAR PARA ENSINAR, A Coruña (España) setembro 2018, organizado por Real Academia Gallega de Bellas Artes, Conservatorio Superior de Música da Coruña, Conservatorio Superior de Música de Vigo, UDC (Universidade da Coruña), USC (Universidade de Santiago de Compostela) e Uvigo (Universidade de Vigo).

9th CHILD IN THE CITY WORLD CONFERENCE, Vienna (Austria) setembro 2018, organizado por Child in the City Foundation, Stadt Wien e WienXtra.

We Are All Able Bodies: From Sensory Deprivation to Sensory Augmentation, Madrid (España) noviembre 2018, organizado por the Institute of Technology Faculty of Architecture, San Pablo CEU University Madrid/ España, the School of Architecture, University of Reading/UK, and International Ambiances Network.

2º Congreso Mundial del Educación. EDUCA 2019. Innovación e Investigación Educativa, febrero 2019, organizado por EDUCA e MIAC.

Próximamente presentarse en:

INTED2019 (13th annual International Technology, Education and Development Conference), marzo 2019, organizado por International Academy of Technology e Education and Development (IATED).

8th World Alliance for Arts Education International Conference (WAAE), Luxor (Exipto) marzo 2019, organizado por Egypt Future Foundation for Heritage, Development and Innovation (EFFHDI) e the International Society for Education through Art (InSEA).

1ª Fira de la Mobilitat Sostenible del Vallès, Sabadell (España) abril 2019 organizado por Ajuntament de Sabadell, Generalitat de Catalunya Departament de Territori i Sostenibilitat e AMB (Área Metropolitana de Barcelona).

56th International Making Cities Livable Conference on A Healthy City for ALL, Portland (Estados Unidos de América), xuño 2019, organizado por International Making Cities Livable LLC (IMCL).

InSEA World Congress in Vancouver, Canada, xullo 2019, organizado por MAKING |INSEA, The University of British Columbia, Vancouver e BC Canada.

Os resultados obtidos na rúa co proxecto A Vila do Mañá foron publicados nos seguintes libros:

González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, RIANXO. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Apatrigal.

González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, AMES. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, RIVEIRA. La Ciudad del mañana LUDANTIA. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, FERROL. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Concello de Vilagarcía de Arousa.

A partir dunha idea de Sandra González Álvarez